

**ACTA DA SESION ORDDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 23 DE OUTUBRO DE 1995.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintetres de Outubro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias e Don Celso Sotelo Barroso. Non asiste Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o pasado día 16 de Outubro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Don Raúl Benedetti Teja, veciño desta Vila, con domicilio en San Francisco (Convento P.P. Franciscanos), na representación da Comunidade de PP. Franciscanos, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acepta-la solicitude de suspensión do cobro por vía de constriximento do I.B.I. correspondente ó exercicio de 1995 en tanto en canto non se resolva a reclamación de exención do imposto polo Centro de

Xestión Catastral e Cooperación Tributaria.

Visto o escrito do Servicio Galego de Saude, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda reclamar ó Ministerio de Traballo e Seguridade Social, Tesourería da S.S. (INSS) o aboamento do referido imposto, como titular xurídico do ben de conformidade cos datos facilitados pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo do convenio asinado entre ámbolos dous Organismos respecto da cesión dos inmobles.

Visto o escrito do Banco Pastor (Axencia 9, Dr. Marañón, Ourense), no que interesa devolución do aval nº 0342890004 formalizado o 4 de Abril de 1989, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de Ribadavia e de Sam Paio.

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público de San Paio e de Ribadavia.

Da Farmaceutica titular sobre probas analíticas para determinar a potabilidade da auga procedente da presa do río Maquiás.

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, sobre matanzas domiciliarias.

Da Comisión Delegada da Obra Benéfico Social da Caixa de Aforros Provincial de Ourense, concedendo unha subvención por importe de 500.000 pesetas para contribuír á dotación de medios ó Conservatorio de Música para as ensinanzas do seu grao medio.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á certificación nº 1 da obra Edificio Administrativo e Oficinas de Correos en Ribadavia.- Proxecto I: Cimentación,

Soleiras e muros, por importe de 4.931.643 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento dunha factura de gastos de quilometraxe correspondente ó mes de Setembro pasado, por importe de 17.352 pesetas, presentada por Don José Manuel Deaño Carballal.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Padrón do prezo público por entrada de vehículos a través das beirarrúas correspondente ó ano 1995.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba ó aboamento por importe de 1.000.000 pesetas para a Festa da Istoría correspondente ó ano 1995, subvención concedida pola Consellería de Cultura.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 3/95, por importe de 1.400.000 pesetas, con cargo á subvención destinada ó curso de alfabetización e formación de adultos; aproba outro, nº 4/95, por importe 2.103.000 pesetas, con cargo á subvención destinada ó curso do Fondo Social Europeo (Axudante restaurante bar); e por último, outro, nº 5/95 por importe de 2.307.000 pesetas, con cargo á subvención destinada ó curso do Fondo Social Europeo (Analista de Adegas).

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda o recoñecemento a conta de 1.500.000 pesetas derivado das obrigas do contrato espectáculos Festa do Portal a Camoeiras Espectáculos Artísticos.

A Comisión Municipal de Goberno, acorda por unanimidade, o aboamento de 1.160.000 pesetas a Diagrama-Enxeñería pola redacción do proxecto "Pasarela da Foz".

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-